



# BASES PARTICIPACIÓN

## ÁREA MERCADO FESTA DA CERVEXA

### BASES PARA A SELECCIÓN DE SOLICITUDES. MERCADO FESTA DA CERVEXA 2018.

#### 1. **MOTIVACIÓN:**

A Concellería de Cultura e Praias presenta nos meses de verán unha programación cultural e festiva que se organiza en espazos abertos e accesibles. A finalidade deste programa é a de continuar coa labor de promoción e difusión cultural durante os meses de verán, nos que a celebración de festas de inspiración popular e a dedicación de tempo ao ocio e a recreación condicionan o xeito en que a cidadanía accede ao contidos culturais. Unha das celebracións festivas que se ven organizando a iniciativa popular e con maior antigüidade é a Festa da Cervexa.

Nesta edición, a Concellería de Cultura e Praias impulsa un cambio de organización no que os contidos culturais cobran unha maior presenza e nas que as propostas destinadas a novos públicos atopan un espazo fixo en cada día de celebración. Ademais, establécese unha área de mercado, o “Mercado da Festa da Cervexa”, no que se habilitarán postos que ofrezan un servizo gastronómico e complementario ao público asistente.

#### **PROGRAMACIÓN CULTURAL:**

O programa de actividades terá como base a música, programando estilos diferentes cada día.

- A música galega e de fusión será a protagonista dos primeiros días. A “música de autor” porá o peche, programando a artistas de importancia na escena local e rexional.
- De forma complementaria prográmanse contidos escénicos de rúa, como son as actuacións de novo circo, destinado a chegar a un público novo e familiar.
- Ademais disto, a programación reserva un espazo para a exhibición do traballo de asociacións culturais sadenses dedicadas á conservación do baile e a música tradicionais, consideradas Ben de Interese Cultural do Patrimonio Inmaterial.

#### **MERCADO DA FESTA DA CERVEXA:**

Organízase un espazo equipado con 25 carpas destinadas a ofrecer propostas gastronómicas, produtores de cervexa artesá e a acoller postos informativos de asociacións culturais sadenses e de iniciativas con finalidade solidaria.

#### **XUSTIFICACIÓN:**

A xustificación da inclusión deste espazo na organización desta celebración ven dada polas seguintes consideracións:

- Esta proposta conta cunha antigüidade de 25 anos, sendo unha cita habitual no calendario de actividades do verán. Pero nos últimos anos perdeu o pulo co que xurdiu. A Concellería de Cultura e Praias pretende impulsar esta festa fomentando a participación plural de entidades e colectivos de carácter local, tanto do tecido hostaleiro como do asociativo.
- Consideramos que esta proposta complementará á programación cultural con contidos recreativos propio da tempada estival e do tempo de lecer, resultando nunha experiencia máis satisfactoria para o público e aportando un compoñente de promoción da actividade comercial e asociativa a nivel local.



# BASES PARTICIPACIÓN

## ÁREA MERCADO FESTA DA CERVEXA

- Valoramos que este espazo constituirá tamén unha boa plataforma para aportar visibilidade á actividade solidaria que desenvolven algúns colectivos de dimensión local, polo que reservaremos un espazo prioritario para as iniciativas de corte solidario en Sada que o soliciten.

O acceso a estes espazos articularase por medio de anuncio público e da proposta dun sistema de selección das solicitudes recibidas en base ás seguintes condicións:

- a) Empresas de hostalaría ou produción alimentaria con sede no termo municipal que oferten:
  - a. Cervexa de produción artesá producida no termo municipal.
  - b. Elaboracións gastronómicas propias e bebidas excepto a cervexa.
- b) Asociacións culturais inscritas no rexistro municipal de asociacións, e plataformas e colectivos municipais que operan a prol dunha causa solidaria que:
  - a. Promovan, informen e difundan as actividades que ofertan durante todo o ano.
  - b. Expoñan os seus traballos e produtos culturais.
  - c. Poñan en valor ante o público asistente aspectos da nosa memoria histórica ou o noso patrimonio histórico-artístico e sensibilicen sobre valores solidarios.
  - d. Representen ou actúen para o público, promovendo os fins sociais que lle sexan propios.
  - e. Poñan á venda produtos que poidan utilizar para financiar os proxectos propios do seu obxecto social.
- c) Entidades e iniciativas de corte social e solidario.

## 2. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE\*

As solicitudes deberán ser enviadas a [sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal) incorporando a seguinte documentación:

- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE QUE SE PRETENDE OFRECER AO PÚBLICO.
- DATOS SOLICITANTE.
- DATOS DA PERSONA REPRESENTANTE.
- FOTOCOPIA DNI/CIF.
- CERTIFICADO DE ALTA NO IAE.
- XUSTIFICANTE ÚLTIMO PAGO DE AUTÓNOMOS (si procede).
- PAGO PÓLIZA DO SEGURO DE R.C.
- CERTIFICADO DE ESTAR AO CORRENTE DE PAGOS CON HACIENDA, FACENDA E SEGURIDADE SOCIAL.
- CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS (si procede).

## TODA A DOCUMENTACIÓN DEBERÁ ESTAR PRESENTADA ANTES DA DATA FIXADA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN.

\*No caso das asociacións culturais e os colectivos solidarios deberán solicitar un posto expoñendo as actividades que se pretenden levar a cabo. As asociacións deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e aportar o xustificante de pago da póliza do seguro de R.C.

## 3. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN

A selección entre as solicitudes recibidas ven motivada pola necesidade de cumprir coa finalidade que se pretende conseguir co "Mercado da Festa da Cervexa", como se describe na motivación destas bases.



# BASES PARTICIPACIÓN

## ÁREA MERCADO FESTA DA CERVEXA

Para facelo valoraranse as solicitudes recibidas e solicitarase toda a documentación que sexa precisa. Unha vez pasado este filtro seguiranse dous criterios de selección:

1. Reservaremos espazos prioritarios para as solicitudes de carácter solidario.
2. O resto de espazos repartirase entre as restantes solicitudes.
3. En caso de rexistrar máis solicitudes que o número de postos dispoñibles tras da adxudicación das iniciativas solidarias, realizarase un sorteo que garanta un reparto equitativo entre o número de solicitudes de carácter asociativo e as de carácter comercial.

### 4. PRAZOS PARA A UTILIZACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO

As asociacións/colectivos/empresas autorizadas poderán desempeñar a súa actividade durante a celebración da Festa da Cervexa 2018, nas seguintes datas e horarios:

- Venres 20 de xullo: montaxe dende as 12:00h. Horario de apertura de 17:00 a 00:00h.
- Sábado 21 de xullo: apertura de 12:00 a 00:00h.
- Domingo 22 de xullo: apertura de 12:00 a 00:00h.

#### OBSERVACIÓNS:

*Os de apertura son horarios recomendados (poderá pecharse antes en función de criterios comerciais dos beneficiarios da autorización).*

*O domingo poderá esgotarse o horario de apertura autorizado ou reservar un tempo para as tarefas de desmontaxe.*

### 5. DISPOSICIÓNS FINAIS

**AUTORIZACIÓN:** As 25 solicitudes que superen o filtro previo e que teñan acceso a unha carpa tras da celebración do sorteo (en caso de que este fose necesario) serán propostas para a súa autorización mediante decreto para a ocupación e utilización do espazo público habilitado como "Mercado da Festa da Cervexa" para desempeñar a súa actividade.

**EXENCIÓN DE TAXAS:** Unha vez resoltas todas as fases do procedemento descrito, en base ao establecido na Ordenanza Municipal nº16 e en virtude da xustificación motivada presentada pola Concellería de Cultura e Praias, as persoas/empresas autorizadas estarán exentas do pago de taxas.